

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 14 de marzo de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de marzo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(208).- ACTA ANTERIOR** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-Presidente.

**2(209).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS:**

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

A) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 292/2013 P.A. DEMANDANTE: "AGRUPACIÓN DE INDUSTRIAS ESPECIALES, S.L." OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 17.9.2013, INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE NULIDADE. PROCEDIMENTO DE CONSTRINXIMENTO (TAXAS AUGA). ESTIMADO O RECURSO.

B) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 286/2013 P.A. DEMANDANTE: D. MIGUEL FERNÁNDEZ-PEDRERA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 4.10.2013 (EN REPOSICIÓN).SANCIÓN DE TRÁFICO.(EXPTE.: 128674017). ESTIMADO O RECURSO.

C) SENTENZA DO TSXG NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 7098/2013 INTERPOSTO POR J. MANUEL COSTAS LAGO E 3 PERSOAS MAIS CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 129/2010 P.O. EN RELACIÓN CON RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR RUÍDOS DE GRANITOS IBÉRICOS S.A NO CARBALLAL. A SENTENZA DESESTIMA A APELACIÓN.

D) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 204/2013 P.A. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> MÓNICA GONZÁLEZ FRANCISCO. OBXECTO: ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 14 DE XUÑO 2013 (E 8-8-2013 EN REPOSICIÓN) SOBRE A ADXUDICACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS, LOTE 5º ( A ARGAZADA). EXPTE.: 9178/306.DESESTIMADO O RECURSO.

E) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 337/2012 P.O. DEMANDANTE: “FINCA DO CONDE, S.A.” OBXECTO: RESOLUCIÓN DO TE-A DO CONCELLO DE VIGO DE 16.7.2012. LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). EXPTE.: 34059 E 34058/42. ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

F) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 3/2012 P.O. DEMANDANTE: COMUNIDADE DE MVMC TEIS. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA (E EXPRESA SERODIA MEDIANTE ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 11.5.2012) DA SOLICITUDE DO 19.5.2011 DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS (A MADROA, 75.427 M2) EXPTE.: 8553/306. DESESTIMADO O RECURSO.

G) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 304/2013 P.A. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> AMAYA DE LOS ÁNGELES GARCÍA GONZÁLEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 17.9.2013. SANCIÓN DE TRÁFICO. EXPTE.: 138614614. ESTIMADO O RECURSO.

H) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 296/2013 P.A. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> BELÉN FERNÁNDEZ PÉREZ. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REPOSICIÓN (E EXPRESA DO 4.10.2013). SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO O RECURSO.

I) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 295/13 P.A. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> ÁNGELA ENRÍQUEZ ARAÚJO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DA REPOSICIÓN, RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL CAÍDA NA VÍA PÚBLICA . DESESTIMADO O RECURSO.

J) AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 3/2014 P.O. DEMANDANTE: FRANCE TELECOM ESPAÑA. RESOLUCIÓN DE MEDIO AMBIENTE 3.4.2013. ORDE DE EXECUCIÓN DE LIMPEZA DO TERREO. EXPTE: 13148/310. O AUTO DECLARA REMATADO O PROCEDUREMTO.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(210).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

**A) IMES S.A. EXPTE. 4728/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe fiscalización do 10.03.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación do 11.02.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a IMES, S.A. a fianza de 15.047,73 euros, constituída para responder das obras de mellora da Alameda de Beade, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 27 de outubro de 2009 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**B) MOYCOSA S.A. EXPTE. 4719/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe fiscalización do 6.03.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación do 7.02.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MOYCOSA, S.A. as fianzas de 804,83, 758,89, 1.143,11 e 1.559,31 euros constituídas para responder de diversas subministracións para Parques e Xardíns, xa que as obras foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**C) CONSTRUCCIONES DIOS. EXPTE. 4735/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe fiscalización do 28.02.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación do 4.03.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 18.053,83 euros constituída para responder das obras do "Proxecto modificado da humanización da rúa Portoloureiro", xa que as obras foron recibidas mediante acta de 31 de xullo de 2007 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**4(211).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2014. EXPTE. 14571/331.**

Mediante escrito de data 03.03.14, en cumprimento do establecido na base 31 das de execución do orzamento, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local dos expediente de gasto menor tramitados polo Servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de febreiro de 2014, que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14534/331	Contrato de mantemento da porta automática da biblioteca Juan Compañel	Ascensores Enor S.A.	A36650992	192,00 €
14539/331	Contrato de mantemento das instalacións de climatización en dependencias do servizo de Cultura e Bibliotecas	Altair Ingeniería y Aplicaciones S.A.	A15208408	5.804,00 €
14540/331	Contrato do servizo de mantemento vixilancia discontinua e rondas na biblioteca Xosé Neira Vilas	Securitas Seguridade España S.A.	A79252219	6.252,00 €
14542/331	Contrato do servizo de mantemento integral de ascensor e plataforma da Casa Galega da Cultura	Schindler S.L.	A50001726	4.530,24 €
14543/331	Contrato do servizo de mantemento dos ascensores da biblioteca Juan Compañel	Kone Elevadores S.A.	A28791069	7.107,84 €
14545/331	Contratación do deseño e edición de octavillas e lápices para o buzón de suxestións da programación de artes escénicas no Auditorio Municipal	Ecovigo Publicidad S.L.	B36614808	1.753,29 €
14546/331	Contrato para o servizo de mantemento do grupo electrónico na Biblioteca Juan Compañel	Celtsener S.L.	B36422905	572,73 €
14547/331	Contrato para o mantemento de alarma e instalacións de seguridade na biblioteca Juan Compañel	Securitas Seguridade España S.A.	A79252219	5.760,00 €
14552/331	Contrato para o servizo de mantemento de liñas de vida e sistemas de seguridade en dependencias de Cultura e Bibliotecas	Gamesystem España S.A.	A78885514	845,00 €

14555/331	Contrato para un servizo de vixilancia e seguridade na biblioteca Juan Compañel por ampliación horaria polo calendario de exames universitarios	SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTO S A-1	B1563945 3	11.346,77 €
-----------	---	--	---------------	----------------

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(212).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2014 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”. EXPTE. 5456/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.02.14, o informe de fiscalización do 7.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizos de Festas, do 14.02.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2014 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio prorrogado.

*PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2014 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”*

*Na Casa do Concello de Vigo,*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2014 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2014, e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.*

*Doutra, don Enrique Lorenzo Vila, como presidente da Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF nº G-36.980.928, inscrita no Rexistro municipal*

de Asociacións co número 1110-10 e enderezo social en Vigo, na rúa Ecuador nº 17 – CP 36203, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5456/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

II.- Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos a través do seu servizo de Festas vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”.

V.- Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5456/335

VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2003 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO aglutina a 34 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante o exercicio 2014, tal como solicitou ó CONCELLO.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Corais polifónicas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto á organización e programación de diversos ciclos estábeis de actuacións de corais polifónicas da nosa cidade polos barrios vigueses. Este programa chamarase "Vigo, un mar de corais" e nel participarán trinta e catro (34) corais polifónicas de Vigo. Concretamente, a entidade beneficiaria comprométese a:

1. Realizar 102 (cento duas) actuacións. Cada coral realizará tres actuacións, unha delas de carácter gratuíto, no lugar, día e hora que determine o Concello.

2. A concellería de Festas comunicará a Entidade os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:

- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.

- Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

3. De mutuo acordo entre o Concello e a Entidade désígnase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias...

4º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa "Vigo un mar de corais", asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

5. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

6. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.

7. Coordinar con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Festas. No caso de que algunha das corais

*incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizárase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*

*8. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.*

*En xeral, a entidade comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

Segundo.- *Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Cultura, Festas e Museos deberán asumir os seguintes compromisos:*

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.*
- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.*
- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*
- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.*

Terceiro.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.*
- 2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*
- 3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.*
- 4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc.*
- 5.- Conceder directamente á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, unha subvención para a edición 2014 por importe de 25.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Festas.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*



Cuarto.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Festas, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.
- Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.
- Cadeiras para o público.
- Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro deste convenio farase por transferencia bancaria ao IBAN ES21 2080 5128 0630 4000 5172 domiciliada en Novagaliciabanco, da que é titular a beneficiaria e segundo o seguinte detalle:

- a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período.
- b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro).
- c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período ( segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro) e na parte proporcional á contía de subvención xustificada.

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

Os pagamentos tramitaranse previa certificación do persoal técnico de Festas, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Oitavo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Décimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria, nos prazos establecidos no pacto sexto deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar informes parciais e un informe final relativo ó desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de corais”, onde figurarán como mínimo:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI (programa “Vigo, un mar de corais”), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da*

*factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

*Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polo servizo de Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños.*

*Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente a ACOPOVI e da presenza de*

persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos durante os concertos que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.

Vixésimo primeiro.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.*

**SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DE  
MASAS CORAIS PARA O ANO 2014  
“VIGO UN MAR DE CORAIS”**

D/D<sup>a</sup>.....  
 ...  
 en representación da entidade .....  
 CIF....., con domicilio social en ....., da  
 cidade de VIGO, teléfono/s de contacto.....,  
 fax....., correo electrónico:..... (imprescindible)

SOLICITA que o servizo de Festas da Concellaría Cultura, Festas e Museos programe a actuación de masas corais de Vigo con cargo ao convenio para o exercicio 2014, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían según o estipulado nas condicións dos beneficiarios:

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:

LOCALIZACIÓN \_\_\_\_\_

ESCENARIO: Longo: \_\_\_\_\_ Ancho: \_\_\_\_\_ Alto: \_\_\_\_\_

CAPACIDADE DE CADEIRAS: \_\_\_\_\_

CAMERINOS: a)  Fixos     Eventuais.  
 b) Aforo.

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

**Nota:-** Sinalar unha ou varias opcións.  
 Vigo, ..... de ..... de 2014

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
MASAS CORAIS PARA O ANO 2014  
"VIGO UN MAR DE CORAIS"**

D/D<sup>a</sup>.....  
.....NIF ..... ou  
CIF....., en representación da  
entidade .....  
.....  
con domicilio social na rúa.....,  
núm.....CP.....correo  
electrónico.....

1.-Que a coral .....realizou o concerto programado pola Concellaría de Cultura, Festas e Museos na citada entidade, o día ..... de ..... de 2014, en.....  
.....  
2.-Que a coral se presentou no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.  
3.-Que o número de asistentes o concerto foron .....

**OUTROS DATOS:**

Sistemas de información, comunicación e publicidade utilizados (achegar modelo de material editado)

- Folletos N<sup>o</sup>.....  Carteis N<sup>o</sup>.....  Programas de man N<sup>o</sup>.....
- Megafonía móbil  Inserción na prensa escrita.

Outros.....  
.....  
.....

**OBSERVACIÓNS:**.....  
.....  
.....

VIGO, ..... de ..... de 2014

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

**6(211).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “OS QUE HABITAN” DE EVA DÍEZ EN CASA DAS ARTES. EXPTE. 272/341.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Museos, do 06.03.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

*Como consecuencia dunha resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, de data 6 de marzo de 2014, iniciouse un expediente para a FIXACIÓN DE PREZO DA VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “OS QUE HABITAN” DE EVA DÍEZ EN CASA DAS ARTES, que se inaugurará na Casa das Artes o 20 de marzo de 2014 e se clausurará o 27 de abril de 2014.*

*Editarase un catálogo con textos e as fotografías que integran a exposición. Este catálogo ten un custe total (edición, deseño, textos, probas de cor e revisión lingüística) para unha tiraxe de 500 exemplares, I.V.E. Incluído, de 7.088,11 euros, co que o custe total unitario máximo é de 14,18 euros.*

*O desglose de cada servizo é o seguinte: edición do catálogo: 2.887,36 €; revisión lingüística: 417,45 €; probas de cor: 278,30 €, impresión fotográfica: 3.505 €*

*Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destes catálogos e, o mesmo tempo aumentar a súa difusión, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu a apertura do expediente de venda ao público correspondente conforme á ordenanza municipal nº 41 do Concello de Vigo para o ano 2014 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de subministración de libros, catálogos, cerámicas, e outros artigos destinados a divulgación de actividades realizadas polo Concello.*

*Segundo o artigo 3.1 da ordenanza antes citada, as tarifas determinaranse mediante aprobación en cada caso pola Xunta de Goberno Local, sendo prezo máximo por unidade aquel que resulte necesario para a cobertura do custo da tirada e prezo mínimo o 50% daquel. Ademais, o artigo 3.2 da mesma ordenanza establece que o prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido ( 4% segundo o artigo 91 da Ley 37/1992 de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido). Todo isto implica que o valor de venda ao público (IVE incluído) de cada exemplar oscilará entre un mínimo de 14,75 € (resultante de engadir o 4% de IVE ao prezo unitario do catálogo 14,18 euros) e 7,37 euros, respectivamente. O prezo medio de venda podería ser de 10 euros, impostos incluídos, quedando equiparado ao de outras publicacións semellantes.*

*Do total dos 500 catálogos que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 200 e reservar 300 para necesidades protocolarias do Concello e intercambio de publicacións con outras institucións.*

*Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Poñer á venda 200 catálogos dos 500 editados co gallo da exposición "OS QUE HABITAN" de Eva Díez a un prezo unitario de venda ao público de 10 € ( dez euros), I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.*

Acordo

A Xunta Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(212).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MARCO PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO EXERCIZO 2014. EXPTE. 715/341.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**8(213).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A "XV MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY 2014" O VINDEIRO 6 DE ABRIL. EXPTE. 12903/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 28.02.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro domingo, día 6 de abril de 2014, a proba deportiva denominada "XV Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2014", que está previsto que se leve a cabo entre Vigo e Baiona, con saída da Avda. de Samil (nas inmediacións do Verbúm) a partir das 10.30 horas e co percorrido pola Avda.de Samil en dirección a Canido, cara os concellos de Nigrán e Baiona.

**9(214).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A PROBA DEPORTIVA "XXXVII TROFEO CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OIA", O 23 DE MARZO DE 2014. EXPTE. 12960/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.03.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia, a organizar o vindeiro domingo 23 de marzo de 2014, a proba deportiva XXXVII TROFEO CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OIA, que se desenvolverá na zona próxima o camiño da Verdella no barrio de Loureiro-Aixadas en San Miguel de Oia, dita proba comenará ás 10.00h e rematará ás 13.30 horas.



**10(215).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.075,68 € A FAVOR DE IMAXINERÍA S.L POLA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO – FEBREIRO 2014. EXPTE. 15846/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 10.03.14, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación do 5.03.14, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 04-14 (doc. num. 140026313) por importe de 8.075,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de febreiro de 2014, de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372.

SEGUNDO.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de IMAXINERÍA SL, por un importe de 8.075,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de febreiro de 2014.

TERCEIRO.- Recoñecer as obrigas a favor de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372, polo importe de 8.075,68 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de febreiro de 2014 con cargo á partida 3210 2279903 “Escola municipal de teatro” do vixente presuposto.

**11(216).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE CALIDADE DO AIRE NO CEIP LOPE DE VEGA. EXPTE. 15768/332.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**12(217).- PROXECTO DE OBRAS PARA A “EXECUCIÓN DA REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O Nº 106 E MIRAGAIA”. EXPTE. 2345/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.03.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.03.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.*

*Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a*

realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Arenal, entre o nº 106 e Miragaia.

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 16 de abril de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Arenal, entre o nº 106 e Miragaia, acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2013, acorda encargar á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data febreiro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Esinpro, S.L. para a Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Arenal, entre o nº 106 e Miragaia, por un importe total de 58.882,78 € (IVE excluído).

Con data 28 de febreiro, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

Ao mesmo tempo e en data 28 de febreiro a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 2.471,60 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto .....	989,63 €
• Asistencia técnica.....	989,63 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	247,41 €
Suma.....	2.226,67 €
11 % Gastos Xestión.....	244,93 €
Total (IVE excluído).....	2.471,60 €

Enxeñeiro Industrial, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 3 de marzo que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1º.- Aprobación do proxecto para executa-las obras de " Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Arenal, entre o nº 106 e Miragaia", por un importe total de 58.882,78 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 2.471,60 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto .....	989,63 €
• Asistencia técnica.....	989,63 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	247,41 €
Suma.....	2.226,67 €
11 % Gastos Xestión.....	244,93 €

Total (IVE excluído)..... 2.471,60 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(218).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE AXUDA DE 15.000 € PARA O FINANCIAMENTO DA AULA CEMIT CONCEDIDA EN RESOLUCIÓN DA DIRECTORA DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA. EXPTE. 6546/320.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.03.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos:*

*1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMO, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.*

*2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.*

*Con data 04/03/2013, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (ANTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:*

- 1. Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, ANTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
- 2. Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

*O desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT do Concello de Vigo, se atopan incluídas dentro das competencias propias do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, no seu artigo 25 apartado "ñ) Promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.", xa que a finalidade da aula CeMIT, e converter a mesma nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:*

- *Aumentar a accesibilidade a internet.*
- *Avanzar na alfabetización dixital.*
- *Disminuir a fenda dixital.*
- *Mellorar a empregabilidade.*

*Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:*

*1.- Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.*

*2.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no anexo I da resolución.*

*3.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do Concello de Vigo diante da Federación Galega de Municipios e Provincias, Secretaría Xeral de Modernización e innovación Tecnolóxica, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(219).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A D. RICARDO SOTO RODRÍGUEZ DE ASISTENCIA A CURSO DE “INSTRUTOR FORMADOR DE GUÍAS CANINOS” MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZO CON DEREITO A INDEMNIZACIÓN, NO CONCELLO DE BUJARSOT (VALENCIA). EXPTE. 40163/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.03.14, e de acordo co informe-poposta do intendente, xefe en funcións da Policía Local, do 3.03.14, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao funcionario de carreira D. Ricardo Soto Rodríguez, nº persoal 80589, con posto de traballo de policía, a asistir, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización, ao curso de “Instructor formador de guías caninos”, que organizado polo Concello de Burjasot (Valencia), vaise celebrar nesa localidade dende o día 3 de marzo de 2014 ata o 25 de maio de 2014. Non entanto os días de presenza obrigatoria van dende o 17 ata o 23 de marzo; do 21 ata 27 de abril; e do 19 ata 25 de maio. Todos eles inclusives

2º - A comisión terá a seguinte duración:

- Saída o 16 de marzo antes das 14:00 horas e regreso o 23 de marzo despois das 22:00 horas

- Saída o 20 de abril antes das 14:00 horas e regreso o 27 de abril despois das 22:00 horas
- Saída o 18 de maio antes das 14:00 horas e regreso o 25 de maio despois das 22:00 horas.

3º.- O traslado farase no vehículo particular do interesado.

4º.- Autorizar o gasto de 1.704,36 € polas dietas devengadas na duración da comisión, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2302000 (DIETAS PARA PERSONAL)

5º.- Autorizar o gasto de 1.152,94 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2312000 (LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO) para os gastos de desplazamento que se devengen na execución da comisión.

**15(220).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 287/2013 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3, NOS AUTOS PROCEDIMENTO 499/2010 EN MATERIA DE CANTIDADES, DE DNA. SONIA Mª MARTÍNEZ ALONSO. EXPTE. 24539/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.03.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 21.02.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- *En data 1 de decembro de 2010, o Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, dictou sentenza (nº 718/210) no procedemento 499/2010, interposto por Dª Sonia Mª Mrtínez Alonso en materia de recoñecemento de dereito e cantidades, na que se fallaba literalmente:*

*“Que estimando la demanda interpuesta por Dª Sonia María Martínez Alonso Contra el Ayuntamiento de Vigo, debo declarar y declaro que la demandante tiene la condición de trabajadora indefinida por cuenta ajena, como personal laboral, del Ayuntamiento demandado, condenando a esta entidad a estar y pasar por esta declaración, y al abono de 24.178,29 €, en concepto de direrencias salariales, por el período de 1.04.2009 al 31.10.2010, así como las demás cantidades que se hayan devengado.”*

2.- *Dita sentenza foi recurrida pola representación legal do Concello en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla con data 26/07/2013 (recurso de suplicación 919/2011):*

*“Desestimamos el recurso de suplicación interpuesto por la representación letrada del Ayuntamiento de Vigo contra la sentencia del Juzgado de lo Social nº 3 de Vigo, de 1 de diciembre de 2010 en autos nº 499/2010, que confirmamos.*

Condenamos a la entidad recurrente a abonar los honorarios de letrado de la actora impugnante de la suplicación por importe de trescientos euros (300 €).”

3.- Polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo dítase auto e decreto polo que se insta a execución 287/2013 de dita sentenza, no procedemento nº 499/2010, requeriéndose o Concello para que consigne a cantidade de 30.296,71 € en concepto de principal máis 300,00 € en concepto de honorarios de letrado e 4.966,00 € provisionais de intereses e costas.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir pola interesada, correspondentes a diferenza salarial do período 01/04/09 a 15/06/2011.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 24 de enero de 2013, recaída no recurso de suplicación nº 2922/2009.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes

das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 35.593,71 € (30.296,71 € de principal, 4.966,00 € de intereses e 300 € de honorarios letrado impugnante) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 9.349,41 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		S.S. Empresa	S.S. Traball.	IRPF 15%	Prestación
2009	11.394,00	3.657,47	729,22	4.544,51	
2010	15.192,00	4.876,63	972,29		886,20
2011	3.713,60	1.192,07	237,67		
	3.249,40	1.043,06			2753,55

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 919/2011 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 3, no procedemento 499/2010, e proceder ao cumprimento da execución 287/2013, nos autos seguidos a instancia de D<sup>a</sup> Sonia María Martínez Alonso (DNI 36126223-P) de recoñecemento de diferencias salarias do período comprendido entre 01/04/2009 a 15/06/2011, por importe de 30.296,71 € de principal, 4.966,69 € de intereses e 300 € de honorarios letrado impugnante.

**SEGUNDO.-** Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (1.939,17€) e IRPF (4.544,51 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 028713: 29.079,72 (23.813,03 € - 4.966,69 € -300 €)

**TERCEIRO.-** Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 01/04/09 a 15/06/2011.

**CUARTO.-** Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Admi-

*nistrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(221).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2014. EXPTE. NÚM.: 24905/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 22.02.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Xaneiro-2014, e que ascenden a un total de 1.156'10 € (mil cento cincuenta e seis euros con dez céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

#### **17(222).- RECLAMACIÓN DE REVISIÓN DE BASES DE COTIZACIÓN PRESENTADA POLO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JOSÉ A. ÁLVAREZ DÍAZ. EXPTE. 24729/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.03.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 23.01.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal que di o seguinte:

*Con data 01/03/2013, D. José Antonio Alvarez Díaz, funcionario de carreira do Concello de Vigo, adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) deste Concello, solicita a regularización da súa base de cotización dende o mes de agosto de 2012.*



*O interesado conta coa categoría de bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios é funcionario de carreira dende 01/04/1991, data da súa toma de posesión.*

*Con data 29/12/2009, pasou a situación de incapacidade laboral por sufrir un grave accidente laboral, permanecendo nesa situación ata 28/6/2011, pasando á de demora na cualificación, de conformidade co previsto no art. 131.bis.2 da Lei Xeral da Seguridade Social, que establece que naqueles casos nos que, continuando a necesidade de tratamento médico pola expectativa de recuperación ou a mellora do estado do traballador, con vistas a súa reincorporación laboral, a situación clínica do interesado aconsellara demorar a citada cualificación, ésta poderá retrarse polo período preciso, que en ningún caso poderá rebasalos 730 días seguintes á data na que se iniciáse a situación de incapacidade, feito que se produxo neste traballador, causándo novamente alta con data 10/1/12.*

*Como consecuencia da dita alta, a súa base de cotización foi modificada como si se tratara dun traballador de novo ingreso, aplicándoselle unha base de cotización distinta á base mínima de cotización fixada polo Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, segundo o establecido na disposición adicional séptima, que sinala que “dende o 1 de xuño ó 31 de decembro de 2010, a base de cotización por todas as continxencias dos empregados públicos encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social cujas retribucións sexan obxecto do axuste previsto neste Real decreto ley, en tanto permaneza a súa relación laboral ou e servizo, será coincidente coa habida no mes de maio de 2010, agás que por razón das retribucións que percibirá puidera corresponder unha de maio contía, en cuxo caso será ésta pola que se efectuará a cotización mensual.”*

*A efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ó mes de maio de 2010 deduciránse, no seu caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen dita base sen ser obxecto de prorrateo. Por outro lado, nos criterios establecidos pola Seguridade Social no seu boletín Red de 4/11/2010, relaciónanse unha serie de supostos concretos e o criterio a aplicar, no que se inclúe a situación de IT durante o mes de maio de 2010, e fixa que a base de referencia será a que lle correspondese en situación e activo dende maio de 2010.*

*Asímesmo, as posteriores Leis de Orzamentos Xerais do Estado establecían que a base de cotización por todas as continxencias dos empregados públicos encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social, será a coincidente coa habida no mes de decembro de 2010.*

*Por isto en consideración as anteriores previsións, sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de recursos humanos e persoal delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127.1, g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, ao tratarse de retribucións do persoal municipal e xestión das incidencias económicas do mesmo; en consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese á consideración do dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*Primeiro.- Estimar a petición formulada por D. José Antonio Alvarez Díaz (nº de persoal 20600), funcionario de carreira, do Servizo de Extinción de Incendios deste Concello con praza e posto de Bombeiro, e en consecuencia proceder a regularizar as bases de cotización mensuais dende o mes de agosto de 2012, establecéndose como base mínima persoal a de 3.019,82 €, nos termos do informe-proposta que antecede.*

*Segundo.- Que polo Negociado de Nóminas da Tesourería Mnicipal se proceda a súa aplicación e correspondente regularización.*

*Terceiro.- O presente acordo notífique ao interesado, á Intervención Municipal, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos –Negociado Seguridade Social-.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(223).- AXUDAS EXTRAORDINARIAS FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FEBREIRO 2014). EXPTE. 24974/220.**

Examinadas as actuacións dos expediente, visto o informe de fiscalización do 4.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.02.14, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 20/02/2014 por un importe total de 10.087,00 € (DEZ MIL OCHENTA Y SIETE EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
ALVAREZ PRIETO Mª CARMEN	36047922	18709	600,00 €
AMBOAGE GARCIA CONCEPCION	36076076	78716	716,00 €
CALVAR RIOS MOISES	36142373	79383	470,00 €
ESPIÑO COLLAZO Mª DOLORES	35257778	18550	720,00 €
EXPOSITO OLALLA LIDIA	36089121	80478	618,00 €
FARO CHAMADOIRA ANGELES	36033947	15071	2.367,00 €
FERNANDEZ IGLESIAS JOSE RAMON	36033599	14338	693,00 €

JORGE GARCIA JAVIER	52483519	23099	922,00 €
MARIÑO VILLANUEVA JULIA	36045806	22361	1.500,00 €
RODRIGUEZ CEBRAL SILVIA	36097081	23610	756,00 €
ROMAN LAGO IGNACIO	36136431	82163	725,00 €
SUMA TOTAL			10.087,00 €

Segundo.- Denegar as seguintes solicitudes polos motivos que se especifican:

- D. José F. Codesido Rodríguez, denegada por non corresponder a axuda.
- D. Lisardo Fernández Díaz, denegada por cubrila a seguridade social.
- D. Juan Antonio Gil Gregorio, denegado axuda socio-sanitaria.
- D. José Manuel Martínez Vieitez, denegada por cubrila a seguridade social.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### **19(224).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A) RESOLUCIÓN DE DATA 05.03.14, RELATIVA Á ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LOURDES GUERRERO MELEIRO. EXPTE. 24986/220.

Dáse conta da devandita resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 28 de febreiro de 2014 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Lourdes Guerrero Meleiro, con DNI 44.477.462-Q, nº de persoal 82115, nomeada funcionaria interina con cargo á praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social, con efectos do día 19 de marzo de 2014, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de*

*Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) RESOLUCIÓN DE DATA 06.03.14, RELATIVA Á DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JESÚS IGLESIAS LORENZO. EXPTE. 24987/220.**

Dáse conta da devandita resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario do Corpo da Policía Local de Vigo D. JESÚS IGLESIAS LORENZO, con nº de persoal 10547, na praza de Policía Local, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 04/03/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Superintendente Xefe do Corpo, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**C) RESOLUCIÓN DE DATA 6.03.14, RELATIVA Á DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JOSÉ LAGO LAGO. EXPTE. 24988/220.**

Dáse conta da devandita resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario/empregado municipal D. JOSÉ LAGO LAGO, con nº de persoal 9372, na praza de Axudante de Oficios, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 19/03/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización)

*aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**E) RESOLUCIÓN DE DATA 06.03.14, RELATIVA Á DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. PAULINO DE LA TORRE GENTIL. EXPTE. 24989/220.**

Dáse conta da devandita resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario do Corpo da Policía Local de Vigo D. PAULINO DE LA TORRE GENTÍL, con nº de persoal 10607, na praza de Policía, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 29/03/2014.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Superintendente Xefe do Corpo, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**20(225).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 32.529,48€ A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL – XANEIRO 2014. EXPTE. 282/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 28.02.14, conformado polo xefe da Área de Fomento e polo concelleiro delegado de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaición a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe ( ive engadido ) :

XANEIRO 2014 importe 32.529,48 € ( funcionamento ordinario parking  
5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 27.063,62 € )

**21(226).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás  
nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.